Emilia Pardo Bazán ven a Lugo con unha misión:

Autoridades, amigos e amigas, entramos nun momento en donde casi todo está permitido. A min o entroido permitiume facer unha pequeña viaxe no tempo e no espacio. Seguramente todos ustedes me coñecen, non teño dúbida, porque son alguén de gran renome, de outro xeito, non sería quen de traer este "pedazo de sombreiro". Son Emilia Pardo Bazán, unha persoa moi seria, con pouca capacidade e vontade, todo hai que decilo, para a risa. Non sei si foi penitencia ou a ira de alguén con mal karma que me mandou aquí. Non polo sitio que non hai mellor sitio que este salón de plenos con tanto personaxe guapo nos cuadros e fora de eles. Senon pola época. O Entroido. Para algúen que lle gusta rir pouco esta é unha época extrana. Si ustedes son dos que coma min non lles gusta rir, proben a ler "los pazos de Ulloa" e disfrutarán chorando. Senon escoiten isto que lles veño a decir. Sepan que levo tempo ahí arriba, en donde, por certo non se está nada mal. Ultimamente falo moito con Isidro e Elvira de Castroverde que chegou fai pouco e así escoitandos pásase moi ben o tempo.

Son Emilia Pardo Bazán e traio unha misión, pero antes de contarllo direilles que aquí non vai frío ,non, frio ten esa rapaciña da orixe do mundo de Corbet, menos mal que os de Facebook, sempre atentos lle puxeron unhas braguiñas azuis ben bonitiñas. Din os do Facebook que non se pode ensiñar certas partes porque é indecoroso. O decoro é algo que hai que gardar todo o ano, menos no entroido. Din estos de Facebook que ensinar "a orixen do mundo" pode chamar a luxuria ou fornicatio. Un dos pecados capitales. E iso está moi mal, a menos que estemos no entroido en donde estos pecadiños se permiten e non sólo iso tamén se aconsellan. -"hay que manter o decoro" Eso lle dixen aquí a maja vestida, quería vir desnuda, pero eu lle lembrei que había que gardar as formas, polo menos hasta que empeze oficialmente o entroido. Ou sexa ata que eu acabe este discurso, pode que despois, a maja, se desvista. A maja está contenta de estar en Lugo, di que aquí, lle quedan máis tesos os pezóns que en Sevilla.

Menos mal que ai ahí un señor xornalista grabando todo, eso non o había na miñá época. Os señores xornalistos e as señoras xornalistas teñen moita paciencia. E digo isto porque ter que atender a seis fichas do parchis de cores imprecisas, laranxa, azul escuro, azul claro, vermello oscuro, vermello claro e vermello aínda máis claro non é doado. Sobre todo cando todas resístense a estar xuntiñas na "casa". Veñen tempos turbios para as relacións políticas e xornalistas porque uns e outros se empeñan sempre en intentar comer unha para contar 20. As señoras xornalistas e señores xornalistos teñen paciencia aínda que padezan un mal

endémico na profesión "a vanagloria". Eso din por ahí alo menos, aínda que eu non o pensó así. A vanagloria, outro pecado capital do que destacou sempre este Velázquez que nos acompaña. Sempre co seu pincel posando para a foto ou para o cadro. Empeñouse en baixar, a pesar de que o bigote se lle conxelou para o lado incorrecto. Di estar harto de pintar meninas, eu xa lle advertín que Lugo tampouco é un lugar de " cadeira estreita" pola querencia de meter cousas en tripas e despois comelas.

Este de aquí, é un vello coñecido, Manuel *Curros Enríquez,* tampouco ri moito o meu pobre. Sempre foi así, un pouco chorimiqueiro. No fondo o que lle pasa é que está cheo de ira. (vaia outro pecado capital) Sigue nesa longa noite de pedra que non acaba nunca. Si, Curros o teito é de pedra e de pedra son os muros, i as tebras. De pedra o chan pero é si non o foran? Quén aturaba a menos 8 grados de temperatura en Pedrafita. Quén aguantaría de toda esa neve caída no Cádavo. A ira é boa contida pero ás veces leva a un a estar un pouco murcho.

Son Emilia Pardo Bazán e traio unha misión, pero non pensen que me vou a poñer agora a lanzarme de lámpara en lámpara por todo o concello como fai Angelina Jolie. Por a miña condición física… podería facelo… non o dubiden… pero non me apetece. Si, me parece mellor darme a gula e ebriedade porque con esta neve que caeu en Fonsagrada deben estar os cochos a mar de "salaos". Gula e ebriedade, Dous pecados capitales que en Lugo se convirte en un só porque non pode vir un sin o outro. O que si é seguro e que os nosos porcos foron máis felices que eses que nos presentou Jordi Evole. De todo isto quería falar eu con Magritte, así se pintou a si mesmo, con unha mazá diante da cara. Qué desexo entroidesco existe en alguén que se pinta a si mesmo deste xeito? Qué diría Freud deste indivíduo? Ten algún conflicto non resolto coa primeira muller Eva. Si Magritte non fora belga e nacera por exemplo en Orbazai, tería diante da cara unha cabeza de porco, como o cartaz de entroido deste ano que representa a un cocho vegano. Parece que só come grelos.

Ayy Orbazai, hai que cuidar esa parroquia que parece que vai moi mal internet.

Non me lembro si lles dixen *que son Emilia Pardo Bazán e traio unha misión.* Non quero ser portavoza, prefiero darlles unha opción de vida, un consello dunha moi vella señora que anda sempre coa cabeza moi alta. Na época da que veño había que tela así, por ser muller, por ser culta, por defender dereitos, por ter opinión e criterios. Pero hoxe tamén, hai que levar a cabeza moi alta, é o único que non hai que esquencer no entroido. Loitar pola dignidade propia en cada un dos

segundos da vida.

Pero non lles dixen como viñen…… Cheguei en tren e, dende logo, leveime grande alegría cando vin que era casi o mesmo tren de fai máis dun século cando viñen a Lugo por primeira vez. E a estación igualiña, faltaban as vendedoras de roscas nada máis. Está moi ben manter as tradiccions. Foi un gusto andar entre pedras, adoquíns lles chaman agora, que finos! Parece ser que agora lles sobran o lado da muralla, parece ser que estos días é a gran preocupación.. quen pon os adoquíns… quen os quita… quen os volve a poner, donde se poñen. Ay… Querído Curros en Lugo si teñen longa noite de pedra…

Sempre o digo: Non hai que ter avaricia polas cousas materiales….. como esta señora no compartimento de Hopper, ben vestida, ben peiteada, nun compartimento de luxo. Si alguén se coloca así para leer unha revista so pode ser porque está esperando a que a pinten, a que a retraten, si hay algún fotógrafo na sala que o faga por favor, que a retrate sin parar. Tamén se pode pecar de soberbia e verán como facelo:

Hoxe quixo vir conmigo *a nena da perla,* a pobre xa non pode por a cabeza dereita. Quixo emular a Xulio Iglesias e que a colocasen sempre do lado máis favorecedor. Non lles ensinará o outro, prefire quedar torta. Verán Direilles unha cousa. Tamén quería vir hoxe aquí o neno que berra, pero sinceramente, entre nós: non hai quen o ature. Leva así anos e anos, dende 1893, berrando de desesperación por todos lados. Alguén tan desesperado non ten un bon lugar no entroido.

Xa lles levo decindo un cacho que *teño unha misión* pero estando aquí empecei a pensar: e como sería eu si me tocara vivir nesta época. Pois seguramente muy pouco feliz. Si, pouco feliz. Estaría metida na tristura como *o cabalaleiro coa man no peito*. Ten a tristura nos ollos. Non poder sacar esa man de ahí debe provocar un gran desasosego. Con ese pescozo tan estirado é difícil comer un bo botelo, e beber o viño con porrón aínda peor.Como lle iba dicindo, Si vivirá nesta época eu sería infeliz porque non me impidirían ler, pero si comer. Non me impidirían estudiar pero si ter pensamento propio, non me impidirían viaxar pero si ser libre, Non me tería que por un corsé, pero si unhos tenis sin calcentins a catro grados baixo cero. Non teñen, señores, unha sociedade máis liberada que entón, aínda que o crean asi, por iso hoxe en día e máis importante que nunca o entroido.

Non se deixen levar pola preguiza, como a señorita Jean Abril que leva tirada no diván xaponés toda a vida, coa única función de ver o que pasa. Esperando sempre, sin actuar. A Jean Abril colocouna Toulouse Lautrec nunha espera interminable que non leva a nada, solo a preguiza. En definitiva, entón sabíamos que non éramos felices, pero non nos preocupaba. Hoxe sólo se aspira a ser feliz e

mentres se vive tremendamente angustiado. Por eso e necesario este entroido. Sería bon tamén que entroidiáramos un pouco máis o resto do ano. Así invento unha palabra que lles invito a que sigan usando: entroidiar , entre todos podemos facer que a admitan na Real Academia Galega da Lingua. Si o consiguen antes que de metan a palabra portavoza volvo para invitalos a todos a un bó cocido.

Como Emilia Pardo Bazán veño aquí nunha misión: pregarlles que neste Entroido, sexan bos, pero incorrectos, digan o que sinten pero non danen, rían a esgalla, sobre todo de un mesmo, brinquen, coman e beban sin decoro. Xúntense para recordar os que non están diante dun vaso de viño e unha cachucha. Teñan como lema que cada día empeza todo, que hay que rir e abandonar a tristura de Curros. Hay que sacar a mazá de diante da cara e poñer o que a un máis lle guste. Hay que por a cabeza dereita ou darlle voltas como si se tratase dunha peonza. Hay que deixar o pincel e abandonarse a luxuria. Hay que desvestirse si un o desexa, aínda que se poña a pel encarnada coa friaxe de Lugo. Hay que soltar a man do peto, olvidar a espada e loitar con flores na batalla do amor e da amizade para gañala sempre, hay que bailar querida Jane Abril, soltar o sombreiro e bailar sin parar. Hai que disfrutar da lectura pero tamén cantar e soñar, e rir. Sobre todo rir porque empeza o entroido en Lugo, empeza a festa, deixen que eu me saque o sombreiro e a disfrutar. Qué viva o entroido en Lugo.